



Concello de Ponteareas

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

-Vistas as Bases de Execución do orzamento do presente ano aprobado polo Pleno da Corporación do día 11 de marzo do 2020, entrando en vigor a partir da súa publicación no BOPPO do 26 de marzo deste ano, no que se aproba destinar unha subvención de 5.000€ a cargo da partida 17000/4802004 (incluída no apartado VII da Base 45ª das bases de execución do orzamento municipal) destinada o Convenio de colaboración coa "Asociación Protectora de Animais Os Biosbardos" co CIF: G27753268.

-Visto o Convenio asinado o cal ten por obxecto instrumentar a colaboración entre o Concello de Ponteareas e a "Asociación Protectora de Animais Os Biosbardos" con CIF: G27753268 ca finalidade de procurar mecanismos, ao obxecto de conxugar os intereses municipais de protección da saúde pública, có relativo a garantir a protección e defensa dos animais domésticos que se atopan en estado de abandono ou extraviados.

-Visto que no marco da crise provocada pola pandemia do Covid-19 reducíuse ao mínimo a tramitación dos procedementos de todas as entidades do sector público dende a declaración do estado de alarma, coa excepción daqueles procedementos que impliquen evitar prexuízos graves aos dereitos e intereses das persoas interesadas no procedemento e ante a petición de auxilio da "Asociación Protectora Os Biosbardos" con CIF: G27753268 na que solicitaban axuda para poder facer fronte a súa actividade, a protección e alimentación dos animais que teñen o seu cargo polo que se considera xustifico este trámite.

-Visto o informe do responsable deste convenio, Juan Luis Fernández Vázquez no cal se reflexa que se cumpren as condicións expostas no convenio así como as cláusulas do mesmo.

-Visto o informe de fiscalización no que se afirma que para atender aos custos derivados da realización deste convenio de colaboración, existe crédito en contía suficiente na aplicación orzamentaria 17000-4802004 do orzamento vixente para o ano actual, pola cantidade de 5.000 € tal como se recolle no RC número 006461, asinado polo interventor accidental, con data 03 de abril de 2020 e que a "Asociación Protectora de Animais Os Biosbardos" con CIF: G27753268 non ten pendentes de xustificar ningunha axuda económica recibida.

-Visto informe do asesor xurídico número 2020-0044 de data 24 de marzo de 2020.

-Vista a documentación presentada pola Asociación Protectora de Animais Os Biosbardos" co CIF: G27753268 para a concesión dunha subvención co obxecto de financiar a dita Asociación.

-Visto o interese deste Concello en axudar dita Asociación ós seus fins, esto é, a protección dos animais abandonados ou extraviados en Ponteareas,

Concello de Ponteareas

XOSÉ REPRESAS GIRALDEZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 16/04/2020
HASH: b86225173869664a85d6118e1bbe9ce9



Sello de Órgano Secretaría (2 para 2)
Concello de Ponteareas
Data de Sinatura: 16/04/2020
HASH: 31b63afa18f0f17440dec62aa591233



DECRETO

Número: 2020-1182 Data: 16/04/2020



Cod. Validación: 5FY916GFQQ3F4XL2NTAPCJ4ND | Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Concello de Ponteareas

principalmente cans e gatos.

E ante o compromiso que ven asumindo este Concello nestes anos de subscribir un Convenio de colaboración con dita asociación por importe de 5.000 euros, e de conformidade coas atribucións que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención por importe de 5.000 euros á Asociación Protectora de Animais Os Biosbardos" co CIF: G27753268 para poder facer fronte a súa actividade, a protección e alimentación dos animais que teñen o seu cargo.

SEGUNDO.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente pola referida contía (5,000 euros) con imputación á aplicación orzamentaria 2020 / 0 / 17000 / 4802004 / 01 do orzamento municipal vixente.

TERCEIRO: Ordena o pago anticipado do 80% da contía deste convenio, é dicir, 4.000 euros.

CUARTO:-Dar traslado desta subvención a Base de Datos Nacional de Subvencións e publicarse no portal de transparencia do Concello de Ponteareas.

QUINTO.- Dar traslado desta resolución á interesada e aos departamentos de Intervención e Tesourería municipais para os efectos do seu cumprimento.

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez
(Documento asinado electronicamente)

Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647

DECRETO

Número: 2020-1182 Data: 16/04/2020



Cod. Validación: 5FY8T6GFC3F4XL2NTAPC.MND | Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2